

ACORDO RETRIBUTIVO E DE CONDICIÓN DE TRABALLO DO SERGAS – 2023

GARDAS DE TODAS AS CATEGORÍAS, DE ATENCIÓN PRIMARIA, HOSPITALARIA E PERSOAL RESIDENTE EN FORMACIÓN

- Incremento do 7,9% nas **gardas de presenza física e localizada, en días laborables**, en todas as categorías.
- Incorpóranse **por 1ª vez** no SERGAS as **gardas de presenza física e localizada en domingos e festivos** para todas as categorías, cun incremento do 15,61%.
- No persoal médico, **a partir de 5 ou máis gardas/mes**, as gardas de presenza física terán un valor de 37 €/hora.

ATENCIÓN CONTINUADA DE TODAS AS CATEGORÍAS: NOITES, DOMINGOS E FESTIVOS, E NOITES PREFESTIVAS

- Incremento do 7,9% no complemento de **nocturnidade**, para todas as categorías.
- Incremento do 15,61% no complemento de **festividade**, para todas as categorías.
- Incremento do 15,61% no complemento de **noite de sábado ou prefestiva**, para persoal sanitario non facultativo, e de xestión e servizos.
- **Por 1ª vez** considérase a **noite de venres** como **noite prefestiva**.

24 E 31 DECEMBRO

A partir de agora, **todas as categorías do SERGAS** que presten servizos de xornada ordinaria o 24 e 31 de decembro, terán dereito ao **cobro dun módulo de festividade**.

TURNICIDADE

- Incremento do 7,9% do complemento de turnicidade, tanto o rotatorio simple coma o rotatorio complexo.
- Na atención primaria incluírase o complemento de turnicidade nas quendas de tarde e deslizantes.

A 1 de xullo de 2023 todos os conceptos, excepto a turnicidade, terán un incremento parcial, percibíndose o 100% da mellora retributiva a 1 de xaneiro de 2024.

Seguiremos informando...



**COIDEMOS XUNTAS
A SANIDADE PÚBLICA**
DEFENDAMOS OS NÓSOS DEREITOS

**ELECCIÓNS
SINDICAIS
11 DE MAIO**

DESCANSOS E ORGANIZACIÓN DAS GARDAS

No mes de xuño negociárase na mesa sectorial a **actualización da normativa das gardas localizadas e das libranzas**, para todas as categorías incluído o persoal residente.

CIG-Saúde solicitamos que ademais de garantir os descansos diarios, festivos e semanais, se estableza un nº máximo de gardas localizadas.

XORNADA LABORAL

Redución paulatina de 112 horas sobre a xornada de 37,5 horas, equivalente ás **35 horas semanais**.

- **ANO 2023:** redución de **21 horas**, ou 3 días.
 - Quendas fixas de mañá, tarde e deslizante: aplicarase na quenda de sábado.
 - Quenda rotatoria complexa, persoal de PAC, médicos/as de urxencias hospitalarias e persoal residente: aplicarase sobre a xornada asignada.
- **ANO 2024:** redución de **49 horas máis**, ou un total de 10 días.
- **ANO 2025:** redución de **42 horas máis**, ou un total de 16 días.

De non ser posible a cobertura da redución dos sábados no persoal enfermeiro, aboarase o sábado como xornada complementaria.

A redución de xornada aplicarase a partir de xullo de 2023.

Seguiremos informando...



**COIDEMOS XUNTAS
A SANIDADE PÚBLICA**
DEFENDAMOS OS NÓS DEREITOS

ELECCIÓNS
SINDICAIS
11 DE MAIO